

## Luísa Villalta
## e as chaves do tempo

*As chaves do tempo quere ser un espazo de re-encontro multidisciplinar co verso, coa prosa, co diálogo atemporal, mais en presente continuo, coa poeta coruñesa Luísa Villalta. Porque queremos ler a Cidade Alta tatuada nos ollos da poeta que máis se representou nela.*

ORGANIZAN

Agrupación Cultural Alexandre Bóveda

Asociación de escritoras e escritores en lingua galega

COLABORAN

Ayuntamiento de A Coruña / Concello da Coruña

Coruña Próxima

Deputación da Coruña

Monty

# As chaves do tempo

ARREDOR DE
LUISA VILLALTA

18-27 NOVEMBRO 2017, A CORUÑA



# As chaves do tempo

ARREDOR DE
LUISA VILLALTA

18-27 NOVEMBRO 2017, A CORUÑA

Fotografía de Maribel Longueira

AF TRIPTICO PROGRAMA.indd 1 13/11/17 0:16

**SÁBADO 18 DE NOVEMBRO DE 2017**

12 HORAS

**ROTEIRO SOBRE O ESPELLO DO MAR E DO VENTO CON MARÍA CASAR**

Sairemos dos Xardíns de Méndez Núñez (diante da estatua de Emilia Pardo Bazán) e faremos un percorrido polos espazos da Coruña que Luísa Villalta poetizou porque na súa obra a Cidade faise palabra e re-constrúe como lugar mítico, actualizando a súa inclusión no inventario dos TERRITORIOS literarios do noso país.

**DESDE O MARTES 21 DE NOVEMBRO DE 2017**

MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**EXPOSICIÓNS**

**O Papagaio**: A poesía de Luísa Villalta e as fotografías de Maribel Longueira

**Eu en nós**: Soledad Penalta, Xurxo Gómez-Chao, Julia Ares e Ana Pillado reinterpretan a poesía de En concreto.

**VENRES 24 DE NOVEMBRO DE 2017**

20 HORAS. MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**A MEMORIA DA CIDADE... DA CORUÑA.**
**ENTENDER O PASADO, ABORDAR O PRESENTE.**

Nesta palestra aportaremos algunhas chaves interpretativas do crecemento urbanístico da nosa cidade no século pasado con José María Cardesín Díaz, profesor na Facultade de Socioloxía da UdC.

**VENRES 24 e SÁBADO 25 DE NOVEMBRO DE 2017**

DE 19 A 20 HORAS

**O MEU NOME É O DA CIDADE ALTA.**

Un paseo en bicicleta pola Coruña. A poesía de Luísa encherá de luz os espazos da cidade.

**SÁBADO 25 DE NOVEMBRO DE 2017**

13:30 HORAS

**REVOLTA LITERARIA**

Para loitar contra o vento de olvido ateigado de orgullo percorremos a Cidade coa lectura da obra de Luísa.

A PARTIR DAS 16 HORAS. MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**ESCULTURA AO VIVO CON OLALLA FRANCO**

18:30 HORAS. MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**CONCERTO PARA UN HOME SÓ**

Eis a música que brota como o río da existencia. Dramatización de textos con Nacho Pena.

19:30 HORAS. MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**RECITAL POÉTICO.**

@s poetas a recitala... *outra vez, sempre o vento dos ventos rodeando este ponto no mundo: Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido.*

**DOMINGO 26 DE NOVEMBRO DE 2017**

12 HORAS. IGREXA DAS CAPUCHINAS (R/ PANADEIRAS)

**MÚSICA RESERVADA** Grupo Instrumental Siglo XX / Florian Vlashi

**"Adagio"** (Samuel BARBER)
**"Preludio"** (P. PEREIRO)
**"Arte de Fuga" selección** (J. S. BACH)

Con Florian Vlashi e Caroline Bournaud, violín; Arben Llozi, viola, Rediana Lukaçi, violonchelo; e a palabra de Yolanda Castaño

**LUNS 27 DE NOVEMBRO DE 2017**

19 HORAS. MONTY (RÚA PAPAGAIO)

**ENCONTRO C@S AMIG@S, PARA LER, RELER, LEMBRAR...**

Mantedores Flor Maceiras, Teruca Queiro e Xurxo Souto. Ven ao Monty e poderás percorrer a súa obra, pararte na que máis che guste, saborear, gozar con toda ela...

A Ana Pillado

Como un peito apaixonado
escorre o vento
e varre até o vestíbio da verdade
desdobra, desordena, desmantela
desabita-me, fugaz, con paso de onda
mordendo-me o deseño do momento,
rozando apenas
acariñando
a forma e o profundo tacto
que dá á experiencia louca
a vida que, fecunda, se prolonga.

Levas-me. "Para onde?
Para o alto".

Une-me ás azas desas aves
que, estáticas, paíran sobre os campos,
extensións de pura luz.
Quizais a nube que transportas valla menos
que a clepsidra inconsecuente da existencia.
Quizais a dor, o absurdo, o imposíbel
sexan a obrigada coral da tua ferida.
Eleva-me o peso deste fume
que envolve as palabras do meu canto
antes
de caír novamente baixo as augas.

Luísa Villalta